



## **ANEXO I.- BASES ESPECÍFICAS PARA POSTOS DE PEON LIMPADOR/A DE ESPAZOS E EDIFICIOS PÚBLICOS.**

### **1.- Relación xurídica co concello:**

Personal laboral temporal, Grupo de cotización 10 e salario bruto mensual correspondente ó salario mínimo fixado en cada momento mais a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato. Si o posto de traballo que vai desempeñar tivese algunha especialidade retributiva polas súas especiais condicións, aplicarásese tamén a este tipo de contrato.

### **2.- Horario e condicións do posto de traballo:**

Tanto o horario de traballo como os traballos e ubicación concreta dos mesmos indicaráselle polo responsable do departamento de persoal segundo as necesidades dos servizos. De todas formas o horario podería ser a xornada partida ou de tarde, sempre respectando a normativa laboral aplicable.

### **3.- Titulación requirida:**

Certificado de estudos primarios ou titulación equivalente.

### **4.- Requisitos específicos:**

Deberá contar con carné de conducir B e vehículo propio. No caso de ter que facer desprazamentos no termo municipal por motivos de traballo, abonarásese cada mes o kilometraje efectuado a 0,19 €/Km acreditado.

### **5.- Baremo do concurso:**

#### **a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

- Experiencia profesional en postos de características similares en concellos ou outras Administracións Públicas. Máximo 7 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

- Experiencia profesional en postos de características similares no sector privado. Máximo 3 puntos. 0,5 puntos por cada mes completo de servizos a xornada completa. (No caso de non ser xornada completa calcularase o tempo en proporción ó tipo de xornada).

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.



b) FORMACIÓN:

- Por cursos realizados directamente relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

c) COÑECEMENTO DO GALEGO:

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,5 puntos
- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 1 puntos
- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 2 puntos
- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 3 puntos

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.